



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

CIRCULAR 1/2025

Asunto: *Elaboración do calendario de vacacións 2025*

Consonte aos artigos 24 do Acordo regulador entre o Concello de Sada e o seu persoal funcionario e do Convenio Colectivo do persoal laboral, respectivamente, comunícase que co obxecto de establecer o calendario anual de vacacións do persoal municipal, cada unidade administrativa ou servizo terá que elaborar o cadro de vacacións dos seus empregados/as e entregalo na unidade de tramitación de persoal, antes do vindeiro **1 de marzo de 2025**.

A este respecto remitirase un modelo de documento de proposta de calendario de vacacións a través do correo electrónico ás xefaturas dos servizos correspondentes para empregar un modelo común.

As vacacións, como dereito individual, gozaranse preferentemente dentro do período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.

Infórmoos/as que unha vez aprobado o cadro de vacacións, de solicitaren os/as empregados/as municipais a modificación do seu período de vacacións, total ou parcialmente, deberán comunicalo no modelo correspondente á unidade administrativa encargada cunha antelación mínima dun mes.

Neste caso na solicitude reflectiranse os dous períodos: o que tiñan aprobado e o que solicitan en substitución, indicando nos dous casos o número de días correspondentes.

O que se comunica a todo o persoal municipal para o seu coñecemento. Neste senso, que se expoña este documento nun espazo accesible en cada área municipal e se publique no taboleiro de edictos e no taboleiro da Sede electrónica municipal.

Sada, na data da sinatura dixital,

A concelleira delegada de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal

María Pilar Taibo Fernández

- Persoal Municipal